

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

9932 *Orde HAP/1638/2012, do 16 de xullo, pola que se modifica a Orde do Ministerio de Facenda, do 12 de decembro de 2000, pola que se regula a elaboración da conta xeral do Estado.*

A Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, regula, nos seus artigos 130 e seguintes, a estrutura da conta xeral do Estado, a súa formación pola Intervención Xeral da Administración do Estado así como a súa posterior remisión ao Tribunal de Contas.

Mediante Orde do Ministerio de Facenda, do 12 de decembro de 2000, regulouse a conta xeral do Estado. Posteriormente, a dita orde foi modificada pola Orde EHA/553/2005, do 25 de febreiro; pola Orde EHA/1681/2009, do 12 de xuño, e pola Orde EHA/2043/2010, do 22 de xullo, co obxecto de introducir no seu proceso de elaboración unha serie de correccións propostas pola Comisión Mixta para as relacións co Tribunal de Contas, así como de adaptar a súa estrutura ás novas normas contables aplicables.

Actualmente producíronse unha serie de circunstancias que fan necesario modificar de novo a Orde reguladora da conta xeral do Estado.

En primeiro lugar, a aprobación do Plan xeral de contabilidade pública, mediante Orde EHA/1037/2010, do 13 de abril, fai necesario modificar o punto segundo da orde «A conta xeral do sector público administrativo», así como os anexos I «Estrutura da conta xeral do sector público administrativo» e V «Estrutura da conta xeral do sector público administrativo agregada», a incluír na dita conta xeral dous novos estados: o estado de cambios no patrimonio neto e o estado de fluxos de efectivo, así como para modificar a estrutura do balance e da conta do resultado económico-patrimonial.

En segundo lugar, e seguindo a proposta da Comisión Mixta para as relacións co Tribunal de Contas na súa resolución relativa á Declaración sobre a conta xeral do Estado do exercicio 2008, cómpre modificar a estrutura do estado de liquidación do orzamento consolidado, que se inclúe no anexo I «Estrutura da conta xeral do sector público administrativo», respecto da establecida na Orde do 12 de decembro de 2000, para ampliar as fases de execución orzamentaria que se presentan de forma consolidada.

Na citada Orde do 12 de decembro de 2000 recollíanse unicamente as fases de recoñecemento de obrigacións e dereitos e ampliáanse agora á totalidade das fases previstas no Plan xeral de contabilidade pública. Esta mellora que agora se regula incorporouse a partir da conta xeral do sector público administrativo do exercicio 2010.

Tamén é necesario modificar o número 3.3 do punto quinto da orde «Memoria» para regular a integración das contas consolidadas das entidades de seguros, de forma análoga ao disposto para os grupos empresariais na conta xeral do sector público empresarial, así como a estrutura da conta agregada das entidades de seguros que se presenta no anexo IV da orde, para adaptala aos modelos consolidados das entidades de seguros.

Por último, establécese a estrutura do estado de liquidación dos orzamentos de explotación e capital das entidades integrantes do sector público administrativo con orzamento estimativo, así como as do sector público empresarial e fundacional, de acordo coa que defina anualmente a Dirección Xeral de Orzamentos.

Como consecuencia de todo isto, é necesario aprobar unha nova modificación da citada Orde ministerial do 12 de decembro de 2000 para introducir os cambios antes mencionados.

Ademais, a disposición adicional única da norma define a información sobre contratación administrativa que a Administración xeral do Estado debe incluír nas súas contas anuais dos exercicios 2011 e 2012.

Así, en uso das facultades que ao ministro de Facenda (actualmente ministro de Facenda e Administracións Públicas) lle outorga o artigo 124 da Lei xeral orzamentaria, por proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado, esta norma modifica a Orde do Ministerio de Facenda do 12 de decembro de 2000, pola que se regula a elaboración da conta xeral do Estado.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde do 12 de decembro de 2000 pola que se regula a elaboración da conta xeral do Estado.*

Modifícanse os seguintes puntos da Orde do 12 de decembro de 2000, pola que se regula a elaboración da conta xeral do Estado:

Un. Modificación do punto segundo «A conta xeral do sector público administrativo».

1. Modifícase o punto 1.1 «Delimitación», que queda redactado da seguinte forma:

«A conta xeral do sector público administrativo formarase mediante a consolidación do balance, da conta do resultado económico-patrimonial, do estado de cambios no patrimonio neto, do estado de fluxos de efectivo e do estado de liquidación do orzamento das entidades do sector público estatal que formen as súas contas de acordo cos principios e normas de contabilidade recollidos no Plan xeral de contabilidade pública e as súas normas de desenvolvemento.»

2. Modifícase o punto 3.1 «Definición», que queda redactado da seguinte forma:

«A aplicación do método de integración global supón a elaboración:

- Dun balance no cal se incluírá o activo, pasivo e patrimonio neto das entidades referidas no número 1.2 deste punto segundo.
- Dunha conta do resultado económico-patrimonial na cal se incluírán todos os ingresos e gastos que concorran na determinación do resultado das ditas entidades.
- Dun estado de cambios no patrimonio neto no cal se informará das variacións no patrimonio neto das ditas entidades.
- Dun estado de fluxos de efectivo no cal se informará sobre a orixe e o destino dos movementos nas partidas monetarias de activo representativas de efectivo e outros activos líquidos equivalentes das ditas entidades.
- Dun estado de liquidación do orzamento no cal se incluírán todos os ingresos e gastos orzamentarios liquidados polas entidades referidas no número 1.2 deste punto segundo, cuxo orzamento teña carácter limitativo, e que figure incluído na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio.

Estes estados elaboraranse unha vez realizadas as homoxeneizacións e eliminacións que procedan, conforme o disposto nos puntos seguintes, salvo que as ditas homoxeneizacións ou eliminacións ofrezan un interese pouco relevante para os efectos de alcanzar a imaxe fiel da situación patrimonial e financeira e dos resultados tanto económicos coma orzamentarios do conxunto de entidades que se integran na conta xeral do sector público administrativo.»

3. Modifícase o número 2 do punto 3.2.1 «Homoxeneización temporal», que queda redactado da seguinte forma:

«2. Cando, durante un exercicio, unha entidade pase a integrarse ou quede fóra da conta xeral do sector público administrativo, a información contable que se vai consolidar deberá estar referida unicamente á parte do exercicio en que a dita entidade formase parte da dita conta xeral.»

4. Modifícase o punto 3.4.1 «Eliminacións de partidas recíprocas», que queda redactado da seguinte forma:

«3.4.1.1 Eliminación de partidas recíprocas do balance.

Para a elaboración do balance consolidado da conta xeral do sector público administrativo deberán eliminarse aqueles activos das entidades integradas na citada conta xeral que supoñan pasivos ou patrimonio neto doutras entidades integradas nela.

3.4.1.2 Gastos e ingresos recíprocos.

Para a elaboración da conta do resultado económico-patrimonial e do estado de cambios no patrimonio neto consolidados da conta xeral do sector público administrativo deberán eliminarse os gastos das entidades integradas nela que constitúen ingresos para outras entidades integradas nesta conta xeral.

3.4.1.3 Cobramentos e pagamentos recíprocos.

Para a elaboración do estado de fluxos de efectivo consolidado da conta xeral do sector público administrativo deberán eliminarse os cobramentos das entidades integradas nela que constitúan pagamentos para outras entidades integradas nesta conta xeral.

3.4.1.4 Gastos orzamentarios e ingresos orzamentarios recíprocos.

Para a elaboración do estado de liquidación do orzamento consolidado da conta xeral do sector público administrativo deberán eliminarse as operacións relativas ás fases de execución orzamentaria previstas neste estado de liquidación que se efectúen entre entidades integradas nesta conta xeral.»

5. Modifícase o punto 4.1 «Definición», que queda redactado da seguinte forma:

«A aplicación do método de integración proporcional supón a incorporación dos seguintes elementos aos estados financeiros mencionados no número 3.1 deste punto segundo:

- O activo, pasivo e patrimonio neto das entidades que se van consolidar polo método de integración proporcional incorporaranse ao balance mencionado no punto 3.1 anterior, na proporción que representen as participacións das entidades referidas no punto 1.2 anterior nelas.
- Os ingresos e gastos que concorran na determinación do resultado das entidades que se van consolidar por integración proporcional incorporaranse, na proporción indicada no punto anterior, á conta do resultado económico-patrimonial mencionada no número 3.1 deste punto segundo.
- Os ingresos e gastos imputables ao patrimonio neto das entidades que se van consolidar por integración proporcional incorporaranse, na proporción indicada nos puntos anteriores, ao estado de cambios no patrimonio neto mencionado no número 3.1 deste punto segundo.
- Os cobramentos e os pagamentos das entidades ás cales se lles aplique o método de integración proporcional incorporaranse, na proporción indicada nos puntos anteriores, ao estado de fluxos de efectivo mencionado no número 3.1 deste punto segundo.
- Os ingresos e gastos orzamentarios liquidados polas entidades que se van consolidar por integración proporcional incorporaranse, na proporción indicada nos puntos anteriores, ao estado de liquidación do orzamento mencionado no número 3.1 deste punto segundo.

Todo isto realizarase sen prexuízo das homoxeneizacións previas e dos axustes e eliminacións que resulten pertinentes.»

6. Modifícase o punto 4.2 «Criterios aplicables», que queda redactado da seguinte forma:

«Serán de aplicación ao método de integración proporcional as regras establecidas para a integración global, tendo en conta o seguinte:

A agregación ás contas consolidadas das distintas partidas do balance, da conta do resultado económico-patrimonial, do estado de cambios no patrimonio neto, do estado de fluxos de efectivo e do estado de liquidación do orzamento das entidades que se van consolidar polo método de integración proporcional realizarase na proporción que representen as participacións das entidades referidas no punto 1.2 anterior nelas.

As partidas recíprocas e os resultados por operacións internas eliminaranse na proporción indicada no punto anterior.»

7. Modifícase o número 1 do punto 6.1 «Composición», que queda redactado da seguinte forma:

«1. A conta xeral do sector público administrativo comprende o balance consolidado, a conta do resultado económico-patrimonial consolidada, o estado de cambios no patrimonio neto consolidado, o estado de fluxos de efectivo consolidado e o estado de liquidación do orzamento consolidado. Estes estados constitúen unha unidade.»

8. Modifícase o número 1 do punto 6.3 «Balance consolidado», que queda redactado da seguinte forma:

«1. O balance consolidado comprenderá, co nivel de detalle que se especifica no anexo I, o activo, pasivo e patrimonio neto das entidades que se integran na conta xeral do sector público administrativo.»

9. Engádense os puntos 6.5 «Estado de cambios no patrimonio neto consolidado» e 6.6 «Estado de fluxos de efectivo consolidado» coa redacción que se inclúe a continuación, pasando o actual punto 6.5 «Estado de liquidación do orzamento consolidado» a ser o punto 6.7, coa mesma denominación.

«6.5 Estado de cambios no patrimonio neto consolidado.

O estado de cambios no patrimonio neto consolidado está dividido en dúas partes:

- A primeira, denominada «Estado total de cambios no patrimonio neto consolidado», que comprenderá, co nivel de detalle que se especifica no anexo I, os cambios no patrimonio neto distinguindo os axustes no patrimonio neto debidos a cambios en criterios contables e correccións de erros, os ingresos e gastos recoñecidos no exercicio e outras variacións que se produzan no patrimonio neto.

- A segunda, denominada «Estado de ingresos e gastos recoñecidos consolidados», que comprenderá, co nivel de detalle que se especifica no anexo I, os cambios no patrimonio neto derivados do resultado económico-patrimonial, os ingresos e gastos recoñecidos directamente no patrimonio neto e as transferencias á conta de resultado económico-patrimonial, ou ao valor inicial da partida cuberta, de ingresos e gastos recoñecidos directamente no patrimonio neto.

O estado de ingresos e gastos recoñecidos deberá formularse tendo en conta que en cada partida deberán figurar, ademais das cifras do exercicio que se pecha, as correspondentes ao exercicio inmediato anterior. No entanto, para o primeiro

exercicio en que entre en vigor a presente norma poderán omitirse as cifras do exercicio anterior.

6.6 Estado de fluxos de efectivo consolidado.

1. O estado de fluxos de efectivo consolidado informará, co nivel de detalle que se especifica no anexo I, sobre a orixe e a utilización dos activos monetarios representativos de efectivo e outros activos líquidos equivalentes das entidades que se integran na conta xeral do sector público administrativo, e indicará a variación neta sufrida por eles no exercicio.

2. O estado de fluxos de efectivo consolidado formularase tendo en conta que en cada partida deberán figurar, ademais das cifras do exercicio que se pecha, as correspondentes ao exercicio inmediato anterior. No entanto, para o primeiro exercicio en que entre en vigor a presente norma poderán omitirse as cifras do exercicio anterior.»

10. Modifícase o título do punto 7.2, que pasa a ser «Información que deberán remitir as entidades ás cales lles sexa de aplicación a Orde EHA/2045/2011, do 14 de xullo, pola que se aproba a Instrución de contabilidade da Administración institucional do Estado».

Dous. Modificación do punto quinto «Memoria».

1. Os números 1, 2, 3 e 4 do punto 2.5 «Información agregada» pasan a ser os números 2.5.1, 2.5.2, 2.5.3 e 2.5.4, mantendo a mesma denominación e contido.

Os subnúmeros 2.1 ao 2.7 do punto 2.5.2 «Outra información orzamentaria agregada» pasan a ser as sublíneas a) a g) coa mesma denominación e contido.

2. Engádese a sublínea h) «Remanente de tesouraría» ao punto 2.5.2 «Outra información orzamentaria agregada».

3. Modifícase o número 2.5.3 do punto 2.5 «Información agregada», que pasa a ter a seguinte redacción:

«2.5.3 Liquidación dos orzamentos de explotación e capital.

Presentarase a liquidación agregada dos orzamentos de explotación e capital das entidades do sector público administrativo cuxos orzamentos figuren incluídos na lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio, de acordo cos modelos que aprobe cada ano a Dirección Xeral de Orzamentos.»

4. Modifícase o punto 3.3 «Relación das entidades que non se integran nesta conta xeral», que queda redactado da seguinte forma:

«As entidades non integradas nesta conta xeral ordenaranse en función das causas da súa non inclusión e, dentro de cada unha delas, segundo a súa forma xurídica e o ministerio a que estean adscritas ou do cal dependan.

As contas das entidades de seguros agregaranse de forma independente. O balance agregado, a conta de perdas e ganancias agregada, o estado de cambios no patrimonio neto agregado e o estado de fluxos de efectivo agregado elaboraranse de acordo cos modelos previstos no anexo IV desta orde e deberanse incluír na memoria. No caso de grupos empresariais cuxa entidade matriz sexa unha entidade de seguros e que estean obrigados a presentar contas consolidadas, as contas que se integrarán serán as do citado grupo.

As contas das entidades de crédito consolidaranse de forma independente. O balance consolidado, a conta de perdas e ganancias consolidada, o estado de cambios no patrimonio neto consolidado e o estado de fluxos de efectivo consolidado elaboraranse de acordo cos modelos previstos no anexo IV desta orde e deberanse incluír na memoria.»

5. Modifícase o punto 3.7 «Liquidación dos orzamentos de explotación e capital», que queda redactado da seguinte forma:

«Presentarase a liquidación agregada dos orzamentos de explotación e capital das entidades do sector público empresarial cuxos orzamentos figuren incluídos na lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio de acordo cos modelos que aprobe cada ano a Dirección Xeral de Orzamentos.»

6. Modifícase o punto 4.5 «Liquidación dos orzamentos de explotación e capital», que queda redactado da seguinte forma:

«Presentarase a liquidación agregada dos orzamentos de explotación e capital das entidades do sector público fundacional cuxos orzamentos figuren incluídos na lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio de acordo cos modelos que aprobe cada ano a Dirección Xeral de Orzamentos.»

Tres. Modificación dos anexos.

Modifícase o contido dos anexos I «Estrutura da conta xeral do sector público administrativo», IV «Estrutura da conta agregada de entidades de seguros e da conta consolidada de entidades de crédito que se van incluír na memoria» e V «Estrutura da conta xeral do sector público administrativo agregada» da Orde do 12 de decembro de 2000, que pasarán a ter o contido previsto no anexo desta orde.

Disposición adicional única. *Información sobre contratación administrativa da Administración xeral do Estado relativa ás contas dos exercicios 2011 e 2012.*

A información sobre contratación administrativa que se inclúe na nota 20 da memoria da conta da Administración xeral do Estado referirase, para as contas dos exercicios 2011 e 2012, unicamente aos gastos de investimento.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 16 de xullo de 2012.—O ministro de Facenda e Administracións Públicas, Cristóbal Montoro Romero.

ANEXO
MODIFICACIÓN DOS ANEXOS I, IV E V DA ORDE DO 12 DE DECEMBRO DE 2000
ANEXO I
ESTRUTURA DA CONTA XERAL DO SECTOR PÚBLICO ADMINISTRATIVO
BALANCE CONSOLIDADO

ACTIVO	EX. N	EX. N-1	PATRIMONIO NETO E PASIVO	EX. N	EX. N-1
A) Activo non corrente I. Inmobiliizado intanxible II. Inmobiliizado material III. Investimentos inmobiliarios IV. Investimentos financeiros a longo prazo en entidades do grupo, multigrupo e asociadas V. Investimentos financeiros a longo prazo VI. Debedores e outras contas a cobrar a longo prazo. B) Activo corrente I. Activos en estado de venda II. Existencias III. Debedores e outras contas a cobrar IV. Investimentos financeiros a curto prazo en entidades do grupo, multigrupo e asociadas V. Investimentos financeiros a curto prazo VI. Axustes por periodificación VII Efectivo e outros activos líquidos equivalentes			A) Patrimonio neto I. Patrimonio achegado II. Patrimonio xerado 1. Resultados de exercicios anteriores 2. Resultados de exercicio 3. Reservas III. Axustes por cambio de valor IV. Outros incrementos patrimoniais pendentes de imputación a resultados B) Pasivo non corrente I. Provisións a longo prazo II. Débedas a longo prazo III. Débedas con entidades do grupo, multigrupo e asociadas a longo prazo IV. Acredores e outras contas a pagar a longo prazo C) Pasivo corrente I. Provisións a curto prazo II. Débedas a curto prazo III. Débedas con entidades do grupo, multigrupo e asociadas a curto prazo IV. Acredores e outras contas a pagar V. Axustes por periodificación		
TOTAL ACTIVO			TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO		

CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL CONSOLIDADA

	EX. N	EX. N-1
1. Ingresos tributarios e cotizacións sociais		
a) Ingresos tributarios		
b) Cotizacións sociais		
2. Transferencias e subvencións recibidas		
a) Do exercicio		
b) Imputación de subvencións para o inmovilizado non financeiro		
c) Imputación de subvencións para activos correntes e outras		
3. Ventas netas e prestacións de servizos		
4. Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación e deterioración de valor		
5. Traballos realizados polo grupo para o seu inmovilizado		
6. Outros ingresos de xestión ordinaria		
7. Excesos de provisións		
A) TOTAL INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA (1+2+3+4+5+6+7)		
8. Prestacións sociais das entidades do sistema da Seguridade Social		
9. Gastos de persoal		
10. Transferencias e subvencións concedidas		
11. Aprovisionamentos		
12. Outros gastos de xestión ordinaria		
13. Amortización do inmovilizado		
B) TOTAL DE GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA (8+9+10+11+12+13)		
I. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DA XESTIÓN ORDINARIA (A+B)		
14. Deterioración de valor e resultados por alleamento do inmovilizado non financeiro e activos en estado de venda		
15. Outras partidas non ordinarias		
II. RESULTADO DAS OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS (I +14+15)		
16. Ingresos financeiros		
17. Gastos financeiros		
18. Gastos financeiros imputados ao activo		
19. Variación do valor razoable en activos e pasivos financeiros		
20. Diferenzas de cambio		
21. Deterioración de valor, baixas e alleamentos de activos e pasivos financeiros		
22. Subvencións para o financiamento de operacións financeiras		
III. RESULTADO DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (16+17+18+19+20+21+22)		
IV. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) CONSOLIDADO DO EXERCICIO (II + III)		
+/- Axustes na conta do resultado do exercicio anterior		
RESULTADO DO EXERCICIO ANTERIOR AXUSTADO		

ESTADO TOTAL DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO CONSOLIDADO

	I. Patrimonio achegado	II. Patrimonio xerado	III. Axustes por cambios de valor	IV. Outros incrementos patrimoniais	TOTAL
A. PATRIMONIO NETO CONSOLIDADO AO FINAL DO EXERCICIO N-1					
B. AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIOS CONTABLES E CORRECCIÓN DE ERROS					
C. PATRIMONIO NETO CONSOLIDADO INICIAL AXUSTADO DO EXERCICIO N (A+B)					
D. VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO CONSOLIDADO EXERCICIO N					
1. Ingresos e gastos consolidados recoñecidos no exercicio					
2. Operacións coa entidade ou entidades propietarias					
3. Outras variacións do patrimonio neto					
E. PATRIMONIO NETO CONSOLIDADO AO FINAL DO EXERCICIO N (C+D)					

ESTADO DE INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS CONSOLIDADO

	EX. N	EX. N-1
I. Resultado económico-patrimonial consolidado do exercicio		
II. Ingresos e gastos recoñecidos directamente no patrimonio neto:		
1. Inmobilizado non financeiro		
2. Activos e pasivos financeiros		
3. Coberturas contables		
4. Outros incrementos patrimoniais		
Total (1+2+3+4)		
III. Transferencias á conta do resultado económico-patrimonial ou ao valor inicial da partida cuberta:		
1. Inmobilizado non financeiro		
2. Activos e pasivos financeiros		
3. Coberturas contables		
4. Outros incrementos patrimoniais		
Total (1+2+3+4)		
IV. TOTAL ingresos e gastos consolidados recoñecidos (I+II+III)		

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO CONSOLIDADO

	EX. N	EX. N-1
I. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE XESTIÓN		
A) Cobramentos.		
B) Pagamentos.		
FLUXOS netos de efectivo por actividades de xestión (+A-B)		
II. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO		
C) Cobramentos.		
D) Pagamentos.		
FLUXOS netos de efectivo por actividades de investimento (+C-D)		
III. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO		
E) Aumentos no patrimonio.		
F) Pagamentos á entidade ou entidades propietarias.		
G) Cobramentos por emisión de pasivos financeiros.		
H) Pagamentos por reembolso de pasivos financeiros.		
FLUXOS netos de efectivo por actividades de financiamento (+E-F+G-H)		
IV. FLUXOS DE EFECTIVO PENDENTES DE CLASIFICACIÓN		
I) Cobramentos pendentes de aplicación.		
J) Pagamentos pendentes de aplicación.		
FLUXOS netos de efectivo pendentes de clasificación (+I-J)		
V. EFECTO DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO		
VI. INCREMENTO/DIMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO E ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES AO EFECTIVO (I + II + III + IV + V)		
Efectivo e activos líquidos equivalentes ao efectivo ao inicio do exercicio		
Efectivo e activos líquidos equivalentes ao efectivo ao final do exercicio		

ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CONSOLIDADO DAS ENTIDADES CON ORZAMENTO LIMITATIVO

I. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS. CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS

GASTOS ORZAMENTARIOS	CRÉDITOS ORZAMENTARIOS		GASTOS COMPROMETIDOS (4)	OBRIGACIÓN RECONOCIDAS NETAS (5)	PAGAMENTOS (6)	OBRIGACIONES PENDIENTES DE PAGAMENTO EN 31 DE DICIEMBRE (7=5-6)	REMANENTES DE CRÉDITO (8=3-5)
	INICIAIS (1)	MODIFICAC. (2)					
TOTAL							

IV. RESULTADO ORZAMENTARIO CONSOLIDADO

CONCEPTOS	DEREITOS RECONOCIDOS NETOS	OBRIGACIÓN RECONOCIDAS NETAS	RESULTADO ORZAMENTARIO
a. Operacións correntes.....			
b. Operacións de capital.....			
c. Operacións comerciais.....			
1. Total operacións non financeiras (a+b+c).....			
d. Activos financeiros.....			
e. Pasivos financeiros.....			
2. Total operacións financeiras (d+e).....			
I. RESULTADO ORZAMENTARIO CONSOLIDADO DO EXERCICIO (I = 1+2)			

ANEXO IV

ESTRUTURA DA CONTA AGREGADA DE ENTIDADES DE SEGUROS E DA CONTA CONSOLIDADA DE ENTIDADES DE CRÉDITO QUE SE VAN INCLUIR NA MEMORIA

CONTA AGREGADA DE ENTIDADES DE SEGUROS

BALANCE AGREGADO

ACTIVO	EX-N	EX. N-1
A) ACTIVO A-1) EFECTIVO E OUTROS ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES A-2) ACTIVOS FINANCEIROS MANTIDOS PARA NEGOCIAR A-3) OUTROS ACTIVOS FINANCEIROS A VALOR RAZOABLE CON CAMBIOS EN PERDAS E GANANCIAS A-4) ACTIVOS FINANCEIROS DISPOÑIBLES PARA A VENDA A-5) PRÉSTAMOS E PARTIDAS A COBRAR A-6) INVESTIMENTOS MANTIDOS ATA O VENCEMENTO A-7) DERIVADOS DE COBERTURA A-8) PARTICIPACIÓN DO REASEGURO NAS PROVISIÓNS TÉCNICAS I. Provisión para primas non consumidas II. Provisión de seguros de vida III. Provisión para prestacións IV. Outras provisións técnicas A-9) INMOBILIZADO MATERIAL E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS A-10) INMOBILIZADO INTANXIBLE A-11) PARTICIPACIÓNS EN SOCIEDADES POSTAS EN EQUIVALENCIA A-12) ACTIVOS FISCAIS A-13) OUTROS ACTIVOS A-14) ACTIVOS MANTIDOS PARA A VENDA TOTAL ACTIVO		

PASIVO E PATRIMONIO NETO	EX-N	EX. N-1
<p>A) PASIVO</p> <p>A-1) PASIVOS FINANCIEROS MANTIDOS PARA NEGOCIAR</p> <p>A-2) OUTROS PASIVOS FINANCIEROS A VALOR RAZOABLE CON CAMBIOS EN PERDAS E GANANCIAS</p> <p>A-3) DÉBITOS E PARTIDAS A PAGAR</p> <p>A-4) DERIVADOS DE COBERTURA</p> <p>A-5) PROVISIÓNS TÉCNICAS</p> <p>I. Provisión para primas non consumidas</p> <p>II. Provisión para riscos en curso</p> <p>III. Provisión de seguros de vida</p> <p>IV. Provisión para prestacións</p> <p>V. Provisión para participación en beneficios e para extornos</p> <p>VI. Outras provisións técnicas</p> <p>A-6) PROVISIÓNS NON TÉCNICAS</p> <p>A-7) PASIVOS FISCAIS</p> <p>A-8) RESTO DE PASIVOS</p> <p>A-9) PASIVOS VINCULADOS CON ACTIVOS MANTIDOS PARA A VENDA</p> <p>TOTAL PASIVO</p> <p>B) PATRIMONIO NETO</p> <p>B-1) FONDOS PROPIOS</p> <p>I. Capital ou fondo mutual</p> <p>II. Prima de emisión</p> <p>III. Reservas</p> <p>IV. (Accións propias e da sociedade dominante)</p> <p>V. Resultados de exercicios anteriores atribuídos á sociedade dominante</p> <p>VI. Outras achegas de socios e mutualistas</p> <p>VII. Resultado do exercicio atribuído á sociedade dominante</p> <p>1. Perdas e ganancias consolidadas</p> <p>2. (Perdas e ganancias socios externos)</p> <p>VIII. (Dividendo á conta e reserva de estabilización á conta)</p> <p>IX. Outros instrumentos de patrimonio neto</p> <p>B-2) AXUSTES POR CAMBIOS DE VALOR</p> <p>B-3) SUBVENCÍONS, DOAZÓNS E LEGADOS RECIBIDOS</p> <p>B-4) SOCIOS EXTERNOS</p> <p>TOTAL PATRIMONIO NETO</p> <p>TOTAL PASIVO E PATRIMONIO NETO</p>		

**CONTA DE PERDAS E GANANCIAS AGREGADA
CONTA TÉCNICA – SEGURO NON VIDA**

CONTA TÉCNICA – SEGURO NON VIDA	EX-N	EX. N-1
I. PRIMAS IMPUTADAS AO EXERCICIO, NETAS DE REASEGURO		
II. INGRESOS DO INMOBILIZADO MATERIAL E DOS INVESTIMENTOS		
III. OUTROS INGRESOS TÉCNICOS		
IV. SINISTRALIDADE DO EXERCICIO, NETA DE REASEGURO		
V. VARIACIÓN DOUTRAS PROVISIÓNS TÉCNICAS, NETAS DE REASEGURO (+/-)		
VI. PARTICIPACIÓN EN BENEFICIOS E EXTORNOS		
VII. GASTOS DE EXPLOTACIÓN NETOS		
VIII. OUTROS GASTOS TÉCNICOS (+/-)		
IX. GASTOS DO INMOBILIZADO MATERIAL E DOS INVESTIMENTOS		
RESULTADO DA CONTA TÉCNICA DO SEGURO NON VIDA (I+II+III+IV+ +V+VI+VII+VIII+IX)		

CONTA NON TÉCNICA

CONTA NON TÉCNICA	EX-N	EX. N-1
A. RESULTADO DA CONTA TÉCNICA DO SEGURO NON VIDA		
B. RESULTADO DA CONTA TÉCNICA DO SEGURO DE VIDA		
I. INGRESOS DO INMOBILIZADO MATERIAL E DOS INVESTIMENTOS		
II. GASTOS DO INMOBILIZADO MATERIAL E DOS INVESTIMENTOS		
III. OUTROS INGRESOS		
IV. OUTROS GASTOS		
V. SUBTOTAL (resultado da conta non técnica) (I+II+III+IV)		
VI. RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B+V)		
VII. IMPOSTOS SOBRE BENEFICIOS		
VIII. RESULTADO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS (VI+VII)		
IX. RESULTADO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS INTERROMPIDAS NETO DE IMPOSTOS (+/-)		
X. RESULTADO DO EXERCICIO (VIII+IX)		
1. Resultado atribuído á sociedade dominante		
2. Resultado atribuído a socios externos		

ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO AGREGADO
A) ESTADO DE INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS AGREGADO

CONCEPTO	EX-N	EX. N-1
I. RESULTADO CONSOLIDADO DO EXERCICIO		
II. OUTROS INGRESOS E GASTOS CONSOLIDADOS RECOÑECIDOS		
II.1. Activos financeiros dispoñibles para a venda		
II.2. Coberturas dos fluxos de efectivo		
II.3. Cobertura de investimentos netos en negocios no estranxeiro		
II.4. Diferenzas de cambio e conversión		
II.5. Corrección de asimetrías contables		
II.6. Activos mantidos para a venda		
II.7. Ganancias/(perdas) actuariais por retribucións a longo prazo ao persoal		
II.8. Entidades valoradas por posta en equivalencia		
II.9. Outros ingresos e gastos recoñecidos		
II.10 Imposto sobre beneficios		
III. TOTAL DE INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS		
III.1. Atribuídos á entidade dominante		
III.2. Atribuídos a socios externos		

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO AGREGADO

CONCEPTO	EXERCICIO N	EXERCICIO N-1
A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN		
A-1) Actividade aseguradora		
1. Cobramentos de efectivo da actividade aseguradora = I		
2. Pagamentos de efectivo da actividade aseguradora = II		
A-2) Outras actividades de explotación		
1. Cobramentos de efectivo doutras actividades de explotación = III		
2. Pagamentos de efectivo doutras actividades de explotación = IV		
3. Cobramentos e pagamentos por imposto sobre beneficios = V		
A-3) Total fluxos de efectivo netos de actividades de explotación (I+II+III+IV+V)		
B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO		
B-1) Cobramentos de actividades de investimento		
B-2) Pagamentos de actividades de investimento		
B-3) Total fluxos de efectivo de actividades de investimento (B-1) + B-2))		
C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO		
C-1) Cobramentos de actividades de financiamento		
C-2) Pagamentos de actividades de financiamento		
C-3) Total fluxos de efectivo netos de actividades de financiamento (C-1) + C-2))		
Efecto das variacións dos tipos de cambio (VI) (+/-)		
Total aumento/diminucións de efectivo e equivalentes (A-3)+B-3)+C-3)+VI)		
Efectivo e equivalentes ao inicio do período		
Efectivo e equivalentes ao final do período		
Compoñentes do efectivo e equivalentes ao final do período		
1. Caixas e bancos		
2. Outros activos financeiros		
3. Descubertos bancarios reintegrables á vista		
Total efectivo e equivalentes ao final do período (1+2+3)		

CONTA CONSOLIDADA DE ENTIDADES DE CRÉDITO
BALANCE CONSOLIDADO PÚBLICO

ACTIVO	EXERCICIO N	EXERCICIO N-1
1. Caixa e depósitos en bancos centrais 2. Carteira de negociación 3. Outros activos financeiros a valor razoable con cambios en perdas e ganancias 4. Activos financeiros dispoñibles para a venda 5. Investimentos crediticios 6. Carteira de investimento a vencemento 7. Axustes a activos financeiros por macrocoberturas 8. Derivados de cobertura 9. Activos non correntes en venda 10. Participacións 11. Contratos de seguros vinculados a pensións 12. Activos por reaseguros 13. Activo material 14. Activo intanxible 15. Activos fiscais 16. Resto de activos TOTAL ACTIVO		
PASIVO E PATRIMONIO NETO		
PASIVO		
1. Carteira de negociación 2. Outros pasivos financeiros a valor razoable con cambios en perdas e ganancias 3. Pasivos financeiros a custo amortizado 4. Axustes a pasivos financeiros por macrocoberturas 5. Derivados de cobertura 6. Pasivos asociados con activos non correntes en venda 7. Pasivos por contratos de seguros 8. Provisións 9. Pasivos fiscais 10. Fondo da obra social 11. Resto de pasivos 12. Capital reembolsable á vista TOTAL PASIVO		
PATRIMONIO NETO		
1. Fondos propios 2. Axustes por valoración 3. Intereses minoritarios TOTAL PATRIMONIO NETO TOTAL PASIVO E PATRIMONIO NETO		
PRO-MEMORIA		
1. Riscos continxentes 2. Compromisos continxentes		

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS CONSOLIDADA PÚBLICA

CONCEPTO	EXERCICIO N	EXERCICIO N-1
1. Xuros e rendementos asimilados		
2. Xuros e cargas asimiladas		
3. Remuneración de capital reembolsable á vista		
A) MARXE DE XUROS		
4. Rendemento de instrumentos de capital		
5. Resultado de entidades valoradas polo método da participación		
6. Comisións percibidas		
7. Comisións pagadas		
8. Resultado de operacións financeiras (neto)		
9. Diferenzas de cambio (neto)		
10. Outros produtos de explotación		
11. Outras cargas de explotación		
B) MARXE BRUTA		
12. Gastos de administración		
13. Amortización		
14. Dotacións a provisións (neto)		
15. Perdas por deterioración de activos financeiros (neto)		
C) RESULTADO DA ACTIVIDADE DE EXPLOTACIÓN		
16. Perdas por deterioración do resto de activos (neto)		
17. Ganancias (perdas) na baixa de activos non clasificados como non correntes en venda		
18. Diferenza negativa en combinacións de negocios		
19. Ganancias (perdas) de activos non correntes en venda non clasificados como operacións interrompidas		
D) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS		
20. Imposto sobre beneficios		
21. Dotación obrigatoria a obras e fondos sociais		
E) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS		
22. Resultado de operacións interrompidas (neto)		
F) RESULTADO CONSOLIDADO DO EXERCICIO		
F.1) Resultado atribuído á sociedade dominante		
F.2) Resultado atribuído aos intereses minoritarios		

ESTADO DE INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS CONSOLIDADO PÚBLICO

CONCEPTO	EXERCICIO N	EXERCICIO N-1
A) RESULTADO CONSOLIDADO DO EXERCICIO		
B) OUTROS INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS		
1 Activos financeiros dispoñibles para a venda		
2 Coberturas dos fluxos de efectivo		
3 Coberturas de investimentos netos en negocios no estranxeiro		
4 Diferenzas de cambio		
5 Activos non correntes en venda		
6 Ganancias (perdas) actuariais en plans de pensións		
7 Entidades valoradas polo método da participación		
8 Resto de ingresos e gastos recoñecidos		
9 Imposto sobre beneficios		
C) TOTAL INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS (A + B)		
C 1) Atribuídos á entidade dominante		
C 2) Atribuídos a intereses minoritarios		

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO CONSOLIDADO PÚBLICO

CONCEPTO	EXERCICIO N	EXERCICIO N-1
A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN		
1. Resultado consolidado do exercicio		
2. Axustes para obter os fluxos de efectivo das actividades de explotación		
3. Aumento/diminución neto/a dos activos de explotación		
4. Aumento/diminución neto/a dos pasivos de explotación		
5. Cobramentos/pagamentos por imposto sobre beneficios		
B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO		
6. Pagamentos		
7. Cobramentos		
C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO		
8. Pagamentos		
9. Cobramentos		
D) EFECTO DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO		
E) AUMENTO (DIMINUCCIÓN) NETO DO EFECTIVO E EQUIVALENTES (A+B+C+D)		
F) EFECTIVO E EQUIVALENTES AO INICIO DO PERÍODO		
G) EFECTIVO E EQUIVALENTES AO FINAL DO PERÍODO		
PRO-MEMORIA		
COMPONENTES DO EFECTIVO E EQUIVALENTES AO FINAL DO PERÍODO		
1.1 Caixa		
1.2 Saldos equivalentes ao efectivo en bancos centrais		
1.3 Outros activos financeiros		
1.4 Menos: descubertos bancarios reintegrables á vista		
Total efectivo e equivalentes ao final do período		
do que en poder de entidades consolidadas pero non dispoñibles polo grupo		

ANEXO V
ESTRUTURA DA CONTA XERAL DO SECTOR PÚBLICO ADMINISTRATIVO AGREGADA
BALANCE AGREGADO

ACTIVO	EX. N	EX. N-1	PATRIMONIO NETO E PASIVO	EX. N	EX. N-1
A) Activo non corrente I. Inmobiliizado intanxible II. Inmobiliizado material III. Investimentos inmobiliarios IV. Investimentos financeiros a longo prazo en entidades do grupo, multigrupo e asociadas V. Investimentos financeiros a longo prazo VI. Debedores e outras contas a cobrar a longo prazo. B) Activo corrente I. Activos en estado de venda II. Existencias III. Debedores e outras contas a cobrar IV. Investimentos financeiros a curto prazo en entidades do grupo, multigrupo e asociadas V. Investimentos financeiros a curto prazo VI. Axustes por periodificación VII Efectivo e outros activos líquidos equivalentes			A) Patrimonio neto I. Patrimonio achegado II. Patrimonio xerado 1. Resultados de exercicios anteriores 2. Resultados de exercicio 3. Reservas III. Axustes por cambio de valor IV. Outros incrementos patrimoniais pendentes de imputación a resultados B) Pasivo non corrente I. Provisións a longo prazo II. Débedas a longo prazo III. Débedas con entidades do grupo, multigrupo e asociadas a longo prazo IV. Acredores e outras contas a pagar a longo prazo C) Pasivo corrente I. Provisións a curto prazo II. Débedas a curto prazo III. Débedas con entidades do grupo, multigrupo e asociadas a curto prazo IV. Acredores e outras contas a pagar V. Axustes por periodificación TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO		
TOTAL ACTIVO					

CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL AGREGADA

	EX. N	EX. N-1
1. Ingresos tributarios e cotizacións sociais		
a) Ingresos tributarios		
b) Cotizacións sociais		
2. Transferencias e subvencións recibidas		
a) Do exercicio		
b) Imputación de subvencións para o inmovilizado non financeiro		
c) Imputación de subvencións para activos correntes e outras		
3. Ventas netas e prestacións de servizos		
4. Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación e deterioración de valor		
5. Traballos realizados polo grupo para o seu inmovilizado		
6. Outros ingresos de xestión ordinaria		
7. Excesos de provisións		
A) TOTAL INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA (1+2+3+4+5+6+7)		
8. Prestacións sociais das entidades do sistema da Seguridade Social		
9. Gastos de persoal		
10. Transferencias e subvencións concedidas		
11. Aprovisionamentos		
12. Outros gastos de xestión ordinaria		
13. Amortización do inmovilizado		
B) TOTAL DE GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA (8+9+10+11+12+13)		
I. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DA XESTIÓN ORDINARIA (A+B)		
14. Deterioración de valor e resultados por alleamento do inmovilizado non financeiro e activos en estado de venda		
15. Outras partidas non ordinarias		
II. RESULTADO DAS OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS (I +14+15)		
16. Ingresos financeiros		
17. Gastos financeiros		
18. Gastos financeiros imputados ao activo		
19. Variación do valor razoable en activos e pasivos financeiros		
20. Diferenzas de cambio		
21. Deterioración de valor, baixas e alleamentos de activos e pasivos financeiros		
22. Subvencións para o financiamento de operacións financeiras		
III. RESULTADO DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (16+17+18+19+20+21+22)		
IV. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) AGREGADO DO EXERCICIO (II+III)		
+/- Axustes na conta do resultado do exercicio anterior		
Resultado do exercicio anterior axustado		

ESTADO TOTAL DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO AGREGADO

	I. Patrimonio achegado	II. Patrimonio xerado	III. Axustes por cambios de valor	IV. Outros incrementos patrimoniais	TOTAL
A. PATRIMONIO NETO AGREGADO AO FINAL DO EXERCICIO N-1					
B. AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIOS CONTABLES E CORRECCIÓN DE ERROS					
C. PATRIMONIO NETO AGREGADO INICIAL AXUSTADO DO EXERCICIO N (A+B)					
D. VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO AGREGADO EXERCICIO N					
1. Ingresos e gastos agregados recoñecidos no exercicio					
2. Operacións coa entidade ou entidades propietarias					
3. Outras variacións do patrimonio neto					
E. PATRIMONIO NETO AGREGADO AO FINAL DO EXERCICIO N (C+D)					

ESTADO DE INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS AGREGADO

	EX. N	EX. N-1
I. Resultado económico patrimonial agregado do exercicio		
II. Ingresos e gastos recoñecidos directamente no patrimonio neto:		
1. Inmobilizado non financeiro		
2. Activos e pasivos financeiros		
3. Coberturas contables		
4. Outros incrementos patrimoniais		
Total (1+2+3+4)		
III. Transferencias á conta do resultado económico-patrimonial ou ao valor inicial da partida cuberta:		
1. Inmobilizado non financeiro		
2. Activos e pasivos financeiros		
3. Coberturas contables		
4. Outros incrementos patrimoniais		
Total (1+2+3+4)		
IV. TOTAL ingresos e gastos agregados recoñecidos (I+II+III)		

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO AGREGADO

	EX. N	EX. N-1
I. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE XESTIÓN		
A) Cobramentos.		
B) Pagamentos.		
Fluxos netos de efectivo por actividades de xestión (+A-B)		
II. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO		
C) Cobramentos.		
D) Pagamentos.		
Fluxos netos de efectivo por actividades de investimento (+C-D)		
III. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO		
E) Aumentos no patrimonio.		
F) Pagamentos á entidade ou entidades propietarias.		
G) Cobramentos por emisión de pasivos financeiros.		
H) Pagamentos por reembolso de pasivos financeiros.		
Fluxos netos de efectivo por actividades de financiamento (+E-F+G-H)		
IV. FLUXOS DE EFECTIVO PENDENTES DE CLASIFICACIÓN		
I) Cobramentos pendentes de aplicación.		
J) Pagamentos pendentes de aplicación.		
Fluxos netos de efectivo pendentes de clasificación (+I-J)		
V. EFECTO DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO		
VI. INCREMENTO/DIMINUCCIÓN NETA DO EFECTIVO E ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES AO EFECTIVO (I + II + III + IV + V)		
Efectivo e activos líquidos equivalentes ao efectivo ao inicio do exercicio		
Efectivo e activos líquidos equivalentes ao efectivo ao final do exercicio		

IV. RESULTADO ORZAMENTARIO AGREGADO

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGACIÓN RECOÑECIDAS NETAS	RESULTADO ORZAMENTARIO
a. Operacións correntes.....			
b. Operacións de capital.....			
c. Operacións comerciais.....			
1. Total operacións non financeiras (a+b+c).....			
d. Activos financeiros.....			
e. Pasivos financeiros.....			
2. Total operacións financeiras (d+e).....			
I. RESULTADO ORZAMENTARIO AGREGADO DO EXERCICIO (I = 1+2)			